

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES DE 3º ESO

SEMANA 7ª DO 5 AO 8 DE MAIO

1ª SESIÓN: Autocorrección a partir do solucionario proporcionado.

2ª SESIÓN:

Unidade 7: Enriquecemento do léxico: a composición, páx.161.

1. Clasifica estas palabras en simples, derivadas e compostas.

Mesa: palabra simple.

Desigual: palabra derivada.

Lapis: palabra simple.

Cabalo do demo: palabra composta.

Caloroso: palabra derivada.

Onde: palabra simple.

Culler: palabra simple.

Léxico-semántico: palabra composta.

Casa: palabra simple.

Beiramar: palabra composta.

Cabelo: palabra simple.

Infelizmente: palabra derivada.

Desde: palabra simple.

Salvavidas: palabra composta.

Desfacer: palabra derivada.

Fermosísima: palabra derivada.

2. Identifica os vocábulos compostos e indica que tipo de estrutura presentan.

Papel moeda: substantivo + substantivo.

Estrela fugaz: substantivo + adxectivo.

Cuarto de baño: substantivo + preposición + substantivo.

Herba de namorar: substantivo + preposición + verbo.

Xordomudo: adxectivo + adxectivo.

Abrelatas: verbo + substantivo.

Malferir: adverbio + verbo.

Media noite: adxectivo + substantivo.

Malquerenza: adverbio + substantivo.

Lucecú: verbo + substantivo.

Tremelucir: verbo + verbo.

Malintencionado: adverbio + adxectivo.

3. Detecta o intruso en cada serie.

Batalla campal; chinés-tibetano; benquerenza.

4. Buscade o significado dos seguintes termos compostos e comprobade se os radicais que os conforman perderon o seu significado orixinal.

Vacaloura: insecto de gran tamaño que, no caso do macho, ten dúas mandíbulas semellantes a cornos en forma de arco; escornabois; cornetán.

Ollo de boi: xanela redonda, característica dos barcos.

Vagalume: insecto formado por aneis que emiten luz na escuridade; lucecú; bicho do lume.

Cabalo do demo: insecto que vive preto da auga e que se caracteriza por ter a cabeza e o tórax unidos, os ollos moi desenvolvidos, o abdome longo e fino e dous pares de ás.

Os radicais de todas estas palabras compostas perderon o seu significado orixinal.